



**INSTRUCCIÓN 5/2017, DA SECRETARÍA XERAL TÉCNICA DA CONSELLERÍA DE CULTURA,
EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA, DO 30 DE MAIO, SOBRE FUNCIONAMENTO
DOS COMEDORES ESCOLARES DE XESTIÓN INDIRECTA NO CURSO ESCOLAR 2017-2018**

1. ÁMBITO DE APLICACIÓN-----	2
1.2. PROTOCOLO DE FUNCIONAMENTO DO COMEDOR ESCOLAR.-----	3
2. FUNCIÓNS DE DIRECCIÓN, ATENCIÓN E COLABORACIÓN-----	3
3. COMPLEMENTOS E COMPENSACIÓNS ECONÓMICAS VINCULADAS Á ATENCIÓN DO COMEDOR ESCOLAR-----	6
4. NÚMERO DE PRAZAS DE COMEDOR AUTORIZADAS-----	7
5. CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR NO CURSO 2017-2018-----	7
6. SELECCIÓN E ADMISIÓN DE USUARIOS-----	10
7. TARIFAS DO SERVIZO DE COMEDOR ESCOLAR.-----	11
7.1 PROCEDEMENTO DE AUTODECLARACIÓN DAS TARIFAS POLA UTILIZACIÓN DO COMEDOR ESCOLAR.-----	11
7.2 ESTRUCTURA E CARACTERÍSTICAS DAS TARIFAS DE COMEDOR ESCOLAR-----	14
7.2.1 SUXEITOS OBRIGADOS AO PAGAMENTO DAS TARIFAS-----	14
7.2.2 CONTÍA DAS TARIFAS-----	14
7.2.3. BONIFICACIÓNS DAS TARIFAS-----	15
7.2.4. USUARIOS GRATUITOS DO SERVIZO-----	16
7.2.5 CONCEPTO DE UNIDADE FAMILIAR E OBTENCIÓN DA MESMA-----	17
7.2.6 PAGAMENTO DAS TARIFAS-----	19
8. AMPLIACIÓN DE PRAZAS DE COMEDOR ESCOLAR-----	21
9. USO DO COMEDOR ESCOLAR POR ALUMNADO PROCEDENTE DOUTROS CENTROS-----	22
10. CENTROS CON SERVIZO DE TRANSPORTE ESCOLAR-----	22
11. ACCESO AO SERVIZO POR PARTE DE ALUMNADO ESCOLARIZADO EN CENTROS QUE NON LLES CORRESPONDEN POR ZONA DE INFLUENCIA-----	22
12 MANTENIMENTO DA APLICACIÓN INFORMÁTICA COMEDORES. RELACIÓN DE USUARIOS DO SERVIZO E CERTIFICACIÓN MENSUAL DE CUBERTOS CONSUMIDOS.-----	24
ANEXO I.....	26
ANEXO II.....	27
ANEXO III.....	29
ANEXO IV - DECLARACIÓN RESPONSABLE.....	31
ANEXO V.....	33
ANEXO VI MODELO DE AUTODECLARACIÓN E ESPECIFICACIÓNS.....	34
A) RENDA NETA IRPF 2016:.....	34
ANEXO VII RELACIÓN DE MENÚS.....	37
ANEXO VII PRAZAS MÁXIMAS AUTORIZADAS.....	38



1. Ámbito de aplicación

Esta instrución establece as liñas xerais de organización e funcionamento, para o curso 2017-2018, dos comedores escolares de xestión indirecta dos centros docentes públicos que impartan os niveis de ensinanzas obrigatorias e de oferta obrigatoria.

Para poder ser usuario do servizo, o alumnado deberá estar escolarizado no centro que lle corresponda segundo a distribución das áreas de influencia establecidas polos titulares das Xefaturas Territoriais da Consellería.

De acordo co previsto no artigo 2.1 da Orde do 12 de marzo de 2013, pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, a área de influencia dun centro é o conxunto de todas as direccións catastrais nas que se obtén a máxima puntuación polo criterio de proximidade do domicilio no que o menor conviva cos seus pais ou titores legais ou do lugar de traballo das/os nais/pais ou representantes legais.

Considerarase como domicilio familiar o habitual de residencia das/os representantes legais do alumnado ou, se é o caso, o das alumnas e alumnos menores de idade que co consentimento dos pais vivan en domicilios distintos dos daqueles.

Cando os representantes legais do alumnado vivan en domicilios diferentes, considerase como domicilio familiar o daquel con quen este conviva.

O domicilio familiar acreditarase mediante certificado do Padrón municipal no que figuren todos os membros da unidade familiar que conviven nel. A data de alta no concreto domicilio deberá ter unha antigüidade mínima dun ano respecto ao inicio do procedemento de admisión ao comedor, agás circunstancias debidamente xustificadas. Así mesmo, o certificado deberá estar expedido dentro do ano natural ao que corresponda o proceso de admisión.

Con carácter excepcional, poderá considerarse como domicilio familiar o de outras/os familiares cos que efectivamente conviva a alumna ou alumno, sempre que esa convivencia real se probe



mediante certificación expedida para tal efecto polo concello, a partir dos informes da Policía Local ou da Garda Civil.

No caso das/dos menores en situación de acollemento para acreditar o domicilio habitual do menor, as familias de acollida presentarán fotocopia da resolución ditada pola correspondente Xefatura Territorial da Consellería de Traballo e Benestar expedida para o efecto.

O domicilio do lugar de traballo de calquera das/dos nais/pais ou titores legais acreditarase do seguinte modo:

a) No caso das persoas que presten servizos retribuídos por conta allea, mediante a achega do documento expedido para o efecto pola/o empregadora/or, xunto cunha copia do contrato de traballo, así como copia dos documentos TC1 e TC2 correspondentes .

b) No caso de traballadoras e traballadores por conta propia, mediante a alta censual inicial ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria e as modificacións posteriores e as altas na Tesourería Xeral da Seguridade Social no réxime correspondente, de habelas.

c) No caso do persoal ao servizo das administracións públicas, mediante unha certificación expedida pola xefatura de persoal correspondente.

1.2. Protocolo de funcionamento do comedor escolar.

De conformidade co previsto no artigo 8 do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, polo que se regulan os comedores escolares en centros docentes públicos non universitarios dependentes da consellería con competencias en materia de educación, aos equipos directivos de cada centro correspóndelles elaborar un protocolo propio de funcionamento, que terá que ser aprobado polo respectivo consello escolar.

Neste protocolo regularase, entre outros supostos, o procedemento que se levará a cabo no caso de comida sobrante, a cal se distribuirá exclusivamente a familias e persoas en risco de exclusión social, a través dos concellos ou de entidades sen ánimo de lucro dedicadas aos servizos sociais na zona, de conformidade co previsto na Instrución 2/1017 do 23 de marzo.



2. Funcións de dirección, atención e colaboración

As funcións de dirección e coordinación xerais do servizo de comedor escolar recaerá sempre na persoa que exerza a dirección do centro, que desempeñará as funcións que lle atribúe o artigo 9 do Decreto 132/2013, do 1 de agosto, en relación co artigo 11.2 da Orde do 21 de febreiro de 2007 pola que se regula a organización, funcionamento e xestión do servizo de comedor escolar.

Cómpre salientar que entre estas funcións figura a de verificar o axeitado cobramento das cantidades que, no seu caso, correspondan aos usuarios polo servizo de comedor.

Neste senso, os usuarios do comedor que non estean ao corrente das súas obrigas de pagamento do curso pasado, isto é, que teñan pendente de aboamento calquera cantidade pola utilización do servizo, non poderán figurar nas listas provisionais de usuarios admitidos ao comedor. Non obstante, e sempre que houbera lugar a iso, poderán adquirir a condición de usuarios do comedor, cando acrediten, antes da publicación dos listados definitivos de admitidos, o pagamento das cantidades adebedadas.

É responsabilidade da Dirección de cada centro proceder ao cumprimento da prescrición establecida no artigo 15.4 do devandito Decreto 132/2013, de xeito que ao longo do curso escolar os impagamentos das tarifas correspondentes a cada mes impedirán a utilización nos meses seguintes do comedor escolar, mentres non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos.

Neste sentido, constatados os impagamentos, a Dirección do centro reunirá ao Consello Escolar, que, no seu caso, acordará a perda polo comensal debedor da súa praza de comedor e a continuación dita Dirección impedirá a utilización ao mes seguinte do comedor escolar, mentres non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos.

A plataforma de intermediación de datos existente permitirá cruzar os datos de renda neta familiar per cápita autodeclarados polos suxeitos obrigados ao pagamento das tarifas de comedor escolar cos datos de renda neta familiar per cápita contidos nas correspondentes declaracións do IRPF de ditos suxeitos.

A tal efecto, antes do 29 de setembro do ano actual as/os Directoras/es dos colexios especificarán, na relación nominal prevista no apartado 12 da presente Instrución, a identidade e circunstancias dos comensais, beneficiarios de gratuidade no pagamento dos prezos públicos por atoparse nos



supostos un, dous, tres, catro, seis, sete, oito e nove previstos para o efecto no artigo 11 do Decreto 132/ 2013, do 1 de agosto. Dita información permitirá eximilos do cruzamento anteriormente referido, o cal, unha vez feito, será enviado a cada centro a fin de que, coa dita información, as direccións dos centros de ensino poidan cumprir as obrigas asignadas no Decreto e na Orde anteriormente citados.

Así mesmo, na última semana de cada trimestre do vindeiro curso 2017-2018 as/os Directoras/es reportarán á Subdirección Xeral de Recursos Educativos Complementarios calquera cambio aos efectos do pagamento dos prezos públicos que se produza na condición dos usuarios do servizo, así como subministrarán datos referentes ás novas incorporacións de comensais, ás circunstancias de regularización dos pagamentos efectuadas e ás decisións de apartamento e perda da praza de comedor dos comensais con débedas non satisfeitas.

Mantendo os/as directores/as dos centros as responsabilidades inherentes á dirección, xestión e coordinación dos comedores, poderán voluntariamente delegar nun membro do claustro a obriga de presenza física durante o tempo do xantar e os períodos temporais anterior e posterior a este. Así pois, o docente no que a Dirección delegue será quen utilice a praza do comedor reservada ao director/a, percibindo, en lugar de este/a, o importe do complemento por servizos extraordinarios fixado por cada día de asistencia efectiva ao comedor escolar.

Os directores/as dos centros, no marco establecido polo artigo 30 da Lei 14/2013, de racionalización do sector público autonómico, actúan como responsables do contrato e, en calidade de tales, controlarán a correcta execución dos contratos e que non se dean situacións que poidan propiciar a existencia dunha cesión ilegal de traballadores ou dar lugar á declaración de relacións de laboralidade entre a consellería e o persoal do contratista. Para estes efectos, a Secretaría Xeral Técnica remitiralles unha copia dos pregos de cláusulas administrativas e de prescricións técnicas, do contrato e das súas prórrogas, no seu caso, e da oferta do adxudicatario a través de correo electrónico, sempre que isto sexa posible. En todo caso, arbitraranse as medidas que sexan necesarias para pór á disposición dos centros a documentación sinalada.

As direccións dos centros velarán especialmente por que o contratista achegue a súa propia organización directiva e de xestión no desenvolvemento do obxecto do contrato e se faga responsable da organización do servizo e de impartir aos seus traballadores as correspondentes ordes, directrices e criterios de execución e distribución dos traballos, a través das persoas designadas por el, de xeito que a consellería resulte completamente allea a estas relacións



laborais.

As direccións dos centros canalizarán a través dos encargados designados polo contratista as incidencias que xurdan na execución diaria dos contratos.

As direccións dos centros deberán comunicar á Secretaría Xeral Técnica, coa maior exactitude, as irregularidades contractuais que non sexan capaces de solucionar directamente coa empresa e se veñan producindo de xeito reiterado, indicando as circunstancias que concorran e achegando os medios probatorios de que dispoñan. As devanditas denuncias motivarán as oportunas investigacións e, no seu caso, a apertura de expedientes de incumprimentos contractuais ou de resolución contractual por parte desta Secretaría Xeral Técnica.

As tarefas de atención e colaboración incluíranse no obxecto do contrato que se subscriba.

Só excepcionalmente esta Secretaría Xeral Técnica poderá autorizar, cando a contratación se realice mediante o procedemento negociado ou mediante un contrato menor (ver Anexo VII), que as necesidades de atención e vixilancia do alumnado usuario do comedor sexan cubertas integramente polo persoal do centro que se preste voluntariamente. A estes efectos, a dirección do centro comunicalle á Secretaría Xeral Técnica antes do 14/07/2017 o seu desexo de asumir os labores de atención e vixilancia do alumnado con persoal do centro integramente.

Asemade de conformidade co previsto nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, resulta obrigado para a direccións dos centros:

- Comunicar ás empresas a través dun medio do que quede constancia, as ausencias e baixas coñecidas antes das 10,00 h do día no que a diminución de comensais vaia a producirse.
- Facer constar no rexistro de cubertos de cada día os menús consumidos correspondentes aos usuarios que asistiron ao comedor, así como os menús sobrantes servidos pola empresa ao non serlle comunicadas debidamente as baixas e ausencias previstas. Para tal efecto, a aplicación COMEDORES permitirá rexistrar, tanto os menús consumidos polos usuarios determinados, como aqueles menús sobrantes servidos pola empresa, á que o colexio non comunicara as baixas de comensais antes das dez da mañá de cada día de comedor escolar.
- Certificar a través do rexistro de cubertos non só os menús consumidos, senón tamén os menús sobrantes servidos polas empresas por causa de non ser avisadas oportunamente das ausencias e baixas de comensais, a fin de que todos eles lles sexan abonados.



- Privar durante 10 días do uso do comedor aos usuarios que en tres ocasións faltaran ao comedor sen que mediara, antes das 9,45h dese día, comunicación previa da súa ausencia, sexan usuarios pagadores ou gratuítos.

Acumulación de funcións

No caso excepcional de que se acumulen funcións, unicamente poderá percibirse un complemento retributivo ou compensación económica.

Incompatibilidade.

Os empregados públicos non poderán realizar labores de colaboración na atención do comedor escolar cando deban desempeñar os seus cometidos laborais en coincidencia co horario do servizo de comedor ou con ocasión deste (por exemplo: coidadores/as de educación especial e análogos que asistan ao alumnado no comedor).

3. Complementos e compensacións económicas vinculadas á atención do comedor escolar

O importe do complemento por servizos extraordinarios que percibirán o/a director/a e o persoal do centro o será de 9,39 €, por día de asistencia efectiva ao comedor escolar, con independencia do número de quendas de comedor existente.

Os importes resultantes aboaranse mediante tres pagamentos que comprenderán os meses de setembro a decembro, xaneiro a marzo e abril a xuño do respectivo curso escolar. Ás compensacións económicas aplicaráselles a retención fiscal que corresponda.

4. Número de prazas de comedor autorizadas

O número de prazas de comedor que hai que ter en conta para facer a selección provisional de comensais será o autorizado para cada centro no anexo VIII da presente instrución.

Nese número máximo entenderanse incluídas as prazas de cobertura obrigatoria (director/a, e, no seu caso, persoal colaborador do centro e coidadores).

5. Contratación do servizo de comedor escolar no curso 2017-2018

O servizo será contratado pola consellería mediante os procedementos legalmente establecidos.

Os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas ou, no seu caso, os documentos contractuais detallarán as características esenciais do contrato (prezo, número de usuarios, número de persoal de atención ao alumnado, etc.).

A tramitación correspondente seguirá as seguintes pautas:

1. Contratos menores (artigos 111 e 138 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da lei de contratos do sector público) de comedor escolar

O/a director/a do centro, como presidente/a do Consello Escolar, conseguirá cantas ofertas independentes considere necesarias, e, en todo caso, un mínimo de tres, agás que xustifique de xeito motivado a imposibilidade de obtención do antedito número. (Anexo I: modelo de proposición económica).

As invitacións realizadas aos licitadores deberán realizarse por escrito e quedará no expediente constancia do seu envío e recepción

A Lei 28/2014, do 27 de novembro establece a exención do IVE en relación coa atención a nenos nos centros docentes no comedor escolar, polo que aos efectos do IVE aplicable ao servizo, aplicarase o 10% na parte relativa aos menús (sobre o 76 % do prezo) e o 0 % na parte relativa a vixilancia (sobre o 24 % do prezo).

Deste xeito, no caso de que a licitación inclúa vixilancia as ofertas respectarán o orzamento máximo de licitación fixado en 5,00 €/día sen IVE,.

No caso de que a vixilancia sexa realizada por colaboradores a través de persoal do do centro educativo, a empresa non terá que prestar o servizo de vixilancia, polo que nos comedores que superen os 75 usuarios as ofertas respectarán o orzamento máximo de 4,50 € por menú diario sen IVE, e cando os comedores teñan menos de 75 usuarios as ofertas respectarán o orzamento máximo de licitación fixado en 5,00 € sen IVE.

A empresa licitadora deberá servir a relación de menús composta por 10 menús que figura no anexo VII, realizada dacordo coa Guía "Menús saudables no comedor escolar" (<http://www.edu.xunta.es/ftpserver/portal/menu/indice.htm>, como proposta básica de obrigado cumprimento que se servirán sucesivamente, de xeito que ningún deles se repita ata non ter



servido os 9 restantes

O/a director/a do centro someterá á aprobación do Consello Escolar unha proposta de adjudicación do servizo de comedor escolar para o curso. A proposta (Anexo II) aprobada polo Consello Escolar e o resto da documentación relativa á empresa (Anexos III e IV) trasladaráselle á Xefatura Territorial que corresponda, dende a que, previa comprobación da súa corrección e idoneidade, será elevada polo xefe territorial ao secretario xeral técnico da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, xunto coa documentación empresarial, antes do 14/07/2017, para que adxudique o contrato.

O adxudicatario deberá ter constituída, antes da formalización do contrato, unha póliza de seguro de responsabilidade civil (RC) que ampare os riscos xerais de explotación da actividade no centro educativo correspondente e os riscos por intoxicación alimentaria (ou tamén RC de produtos) por un capital mínimo de 60.000 €.

Recoñecido o valor legal das facturas emitidas electronicamente no Real decreto 1496/2003, do 28 de novembro, que aproba o Regulamento sobre as obrigas de facturación, e en atención ao previsto no artigo 4 da Lei 25/2013, do 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no sector público, coa periodicidade e forma establecida na cláusula anterior referida ao réxime de pagamentos, a presentación das facturas en formato electrónico será obrigatoria para as sociedades anónimas, as sociedades de responsabilidade limitada, as unións temporais de empresas, as agrupacións de interese económico, as agrupacións de interese económico europeas, as persoas xurídicas e entidades sen personalidade xurídica que carezan de nacionalidade española e para os establecementos permanentes e sucursais de entidades non residentes en territorio español nos termos que establece a normativa tributaria. Non obstante, de conformidade co artigo 4.4 da Orde de 26 de febreiro de 2015, pola que se regulan o Punto xeral de entrada de facturas electrónicas e o Rexistro Contable de Facturas da Comunidade Autónoma de Galicia, quedan excluídas da obriga de facturación electrónica as facturas de importe igual ou inferior a 5.000,00 €.

O artigo 13.5 da Lei Orgánica 1/1996, de 15 de xaneiro, de Protección xurídica do menor, modificada pola Lei 26/2015, de 28 de xullo, de Modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia dispón o seguinte:

“Será requisito para o acceso e exercicio ás profesións, oficios e actividades que impliquen



contacto habitual con menores, o non ter sido condenado por sentenza firme por algún delito contra a liberdade e indemnidade sexual, que inclúe a agresión e abuso sexual, acoso sexual, exhibicionismo e provocación sexual, prostitución e explotación sexual e corrupción de menores, así como por trata de seres humanos. A tal efecto, quen pretenda o acceso a tales profesións, oficios ou actividades deberá acreditar esta circunstancia mediante a achega dunha certificación negativa do Rexistro Central de delincuentes sexuais”

Ao obxecto de garantir o cumprimento das citadas normas, deberá ter en conta o exposto. A tal efecto os licitadores deberán achegar unha declaración responsable, debidamente asinada polo representante legal da empresa en que se acredite que todo o persoal contratado ou, de ser o caso, subcontratado, con contacto habitual con menores, dispón de certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.

Enviaráselles unha copia do contrato formalizado á Xefatura Territorial e ao centro correspondentes.

2. Resto de contratos de comedor escolar:

Adxudicaranse polo procedemento negociado ou polo aberto mediante un sistema de lotes fixado segundo criterios territoriais, e no seu caso, prorrogarase os susceptibles de poder selo.

A Subdirección Xeral de Recursos Educativos Complementarios da Secretaría Xeral Técnica é a unidade administrativa encargada da tramitación dos procedementos ata a adxudicación dos correspondentes contratos

Rematado o proceso, enviarase unha copia do contrato formalizado á Xefatura Territorial e ao centro correspondente.

6. Selección e admisión de usuarios

Durante os meses de xuño e xullo do ano en curso os centros reunirán e ordenarán as solicitudes de comedor correspondentes ao alumnado escolarizado no curso 2017-2018, de xeito que, de existir máis solicitudes que prazas autorizadas no comedor escolar, o Consello Escolar, no marco establecido polo artigo 4 do Decreto 132/2013, revisará e baremará as ditas solicitudes, avaliándoas, segundo dispón o artigo 7.5 da Orde do 21 de febreiro de 2007, de acordo coa



seguinte orde de preferencia:

1. Alumnado usuario do servizo de comedor no curso escolar anterior, salvo que variase substancialmente o criterio polo cal fose admitido.
2. Alumnado usuario lexítimo do servizo do transporte escolar, nos termos establecidos na Instrución 6/2017 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, sobre a xestión do servizo de transporte escolar no curso escolar 2017-2018.
3. Alumnado pertencente a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social ou que teña unha discapacidade igual ou superior ao 33%, certificadas polos servizos sociais ou municipais correspondentes.
4. Alumnado membro de familias numerosas, acreditado co correspondente título ou carné expedido para o efecto.
5. Alumnado fillo de pais e nais, titores legais ou acolletores familiares, traballadores ambos os dous con incompatibilidade dos seus horarios laborais co horario de saída do seu fillo/a ao mediodía, acreditada documentalmente mediante documento expedido para o efecto polas/os respectivos empregadoras/ores, xunto cunha copia dos contratos de traballo, polas altas censuais iniciais ante a Axencia Estatal de Administración Tributaria e as modificacións posteriores e altas na Tesourería Xeral da Seguridade Social no réxime correspondente, de habelas, e polas certificacións expedidas polas xefaturas de persoal correspondentes.
6. Outro alumnado do centro. Neste suposto atópanse os escolarizados fóra da área de influencia que lles corresponde.
7. Persoal docente e non docente que preste servizos no centro e non colabore nos labores de atención e apoio ao alumnado.

As listas provisionais de admitidos ao comedor escolar e as listas de reserva elaboradas polo Consello Escolar expóranse con referencia exclusiva aos nomes e apelidos dos usuarios e a posición ocupada nesas listas nos taboleiros de anuncios dos centros, abríndose de seguido un prazo non inferior a 5 días para presentación de alegacións.

Unha vez resoltas as alegacións polo Consello Escolar de cada centro, o antedito órgano aprobará con carácter definitivo a lista dos admitidos e a lista da reserva, que volverá a ser exposto no



centro, para o efecto de que, no seu caso, se deduzan os oportunos recursos de alzada ante as Xefaturas Territoriais da consellería.

Os usuarios/as do servizo de comedor escolar que durante o prazo dun mes de xeito continuado non fagan uso do citado servizo coa frecuencia solicitada, causarán automaticamente baixa no servizo, agás causas debidamente xustificadas polos usuarios/as ante a dirección do respectivo centro educativo.

Os usuarios/as do servizo de comedor escolar que en tres ocasións non comuniquen a súa ausencia, antes das 9.45 horas do día que deba ter efecto, poderán ser suspendidos pola Dirección do dereito ao uso do servizo durante 10 días

7. Tarifas do servizo de comedor escolar.

7.1 Procedemento de autodeclaración das tarifas pola utilización do comedor escolar.

De conformidade co previsto no artigo 14 do Decreto 132/2013 os centros farán chegar ás familias dos comensais admitidos provisionalmente ao comedor o modelo-impreso de autodeclaración de prezos públicos recollido no Anexo II desta instrución, autodeclaracións que deberán ser entregadas nos centros cubertas en todos os seus extremos ata o 11/09/2017.

Mediante o dito impreso os adultos que exerzan a patria potestade, a tutela ou o acollemento familiar dos alumnos autodeclararán as circunstancias de carácter persoal e de renda neta per cápita familiar correspondente ao exercicio fiscal 2016, anterior ao ano actual, e, conseguintemente, determinarán a contía da tarifa que lles corresponde aboar, de acordo cos tramos fixados no citado decreto.

Nestes casos, e para os únicos efectos de acceder ao servizo de comedor, a totalidade de membros que perciban ingresos na unidade familiar á que pertencen os usuarios solicitantes do servizo de comedor autorizarán expresamente á Consellería a consultar os datos de carácter persoal, de residencia e de renda que se precisen, que lle serán subministrados á Administración pola pola Axencia Estatal de Administración Tributaria da Administración Xeral do Estado mediante a Plataforma de Intermediación de Datos.

No caso de non autorizar á Administración Educativa para a comprobación telemática dos datos sinalados na autodeclaración, os solicitantes deberán acreditarlos ante o Consello Escolar



mediante a presentación de documento acreditativo da declaración do IRPF ou da certificación da Axencia Tributaria de ingresos da persoa que non presentase a declaración do IRPF, correspondentes en ambos os dous casos á renda neta per cápita familiar do exercicio fiscal 2016, anterior ao presente ano.

Non terán que facer autodeclaración as unidades familiares ás que pertencen os usuarios gratuítos do servizo de comedor, definidos no punto 7.2.4 desta instrución, agás no caso dos/as alumnos/as pertencentes a unidades familiares cunha renda familiar anual neta per cápita inferior a 7.000 € que si terán que facela.

As unidades familiares incluídas neste último suposto terán que cubrir e presentar no centro a autodeclaración, autorizando expresamente a comprobación telemática dos datos manifestados, ou, no caso de non autorizala, achegando o documento acreditativo da declaración do IRPF ou da certificación da Axencia Tributaria de ingresos da persoa que non presentase a declaración do IRPF, correspondentes en ambos os dous casos á renda neta per cápita familiar do exercicio fiscal 2016.

As unidades familiares que se atopen nos restantes supostos previstos no punto 7.2.4 da instrución soamente terán que presentar nos centros a documentación acreditativa das situacións que lles fan acredores á gratuidade, referidas no citado punto.

Os centros cargarán na aplicación COMEDORES os datos contidos nas autodeclaracións e na documentación acreditativa recibidas, a fin de que se fagan no seu caso, ás comprobacións telemáticas ás que houbese lugar.

No caso de que o modelo de autodeclaración presentado careza da información de datos relevantes, como nomes dos obrigados tributarios, números dos DNI, identificación dos membros da unidade familiar e as súas datas de nacemento, ou de que non teña marcada a casa correspondente ao tramo que lle corresponda, a dirección do centro advertirao ao interesado, que disporá de 15 días naturais para corrixir as deficiencias e presentar axeitadamente o modelo, advertíndolle de que, de non facelo, será encadrado de oficio no tramo de pagamento correspondente a 4,50 € por día de servizo.

Aos efectos de facilitar ás familias o cálculo do importe das tarifas polo uso do servizo de comedor escolar, incorpórase unha calculadora a través da páxina web da consellería que facilita o cálculo



en función da renda neta per cápita da unidade familiar e do número de menores e idade escolar. O acceso a calculadora estará dispoñible a través do link: <https://www.edu.xunta.es/comedores/calculadora.jsp>.

A consellería, de conformidade co procedemento e as consecuencias previstas na normativa tributaria aplicable, de seren erróneos os datos de renda autodeclarados, xirará liquidacións aos obrigados ao pagamento das tarifas, nas que se efectuarán correccións dos importes a aboar.

A fin de poder levar a cabo as actuacións descritas, a consellería poderá facer en todo momento as comprobacións de renda que resulten necesarias.

Estas comprobacións suporán, ademais da fixación de novos importes nas tarifas en adiante, a execución de actuacións de compensación ou reclamación de débedas.

Así mesmo, a consellería poderá durante o curso escolar axustar os importes das tarifas, de acordo coas novas situacións das rendas familiares netas per cápita, derivadas da diminución de ingresos que supoña o cambio do tramo de rendas autodeclarado previamente, como consecuencia da acreditación de situacións de paro, de duración superior a 6 meses, de calquera membro da unidade familiar.

Este período de 6 meses deberá ser continuado e para os efectos de que se poida acreditar unha diminución de ingresos que supoña un cambio no tramo autodeclarado será necesario presentar ante a dirección do centro educativo a seguinte documentación:

- Certificado do INEM no que se acredite a súa situación de máis de 6 meses en paro e resolución na que figure o importe que lle corresponde cobrar no ano 2017 polo subsidio de desemprego, ou por calquera outra prestación, estimando os ingresos previsibles pendentes de cobro.
- Documento acreditativo dos ingresos dos restantes membros da unidade familiar no exercicio 2017, estimando os ingresos previsibles pendentes de cobro, a través das nóminas, así como de xustificantes acreditativos de calquera outro ingreso.
- Nova autodeclaración, en base a estes novos datos e deducidas, no seu caso, as retencións por IRPF e Seguridade Social.

Como consecuencia desta diminución de ingresos, calcularase a nova renda per cápita da unidade



familiar en base unicamente aos ingresos do exercicio 2017, o que podería levar consigo un novo tramo de pagamento do prezo público ou manter o existente.

7.2 Estrutura e características das tarifas de comedor escolar

7.2.1 Suxeitos obrigados ao pagamento das tarifas

Estarán obrigadas ao pagamento das tarifas pola prestación do servizo de comedor, en base ao disposto no artigo 13 do Decreto 132/2013:

- a) Os pais, nais, titores legais, no nome e por conta do alumnado usuario, agás que teñan dereito á gratuidade total do servizo de comedor.
- b) As restantes persoas usuarias do comedor escolar segundo o sinalado no citado Decreto, agás que teñan dereito a gratuidade total do servizo de comedor.

7.2.2 Contía das tarifas

O uso do servizo, de conformidade co disposto no artigo 13 do Decreto 132/2013, dará lugar ao aboamento das seguintes tarifas por parte dos suxeitos obrigados:

- a) 1 € por día de uso do servizo para os alumnos cuxa renda familiar anual neta per cápita se atope nas condicións sinaladas no punto 7.2.3 desta instrución.
- b) 2,50 € por día de servizo de comedor para aqueles alumnos cuxa renda familiar anual neta per cápita se atope nos supostos recollidos no no punto 7.2.3 desta instrución.
- c) 4,50 € por día de servizo de comedor para aqueles alumnos cuxa renda familiar anual neta per cápita se atope nos seguintes parámetros:

Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €
Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €



d) 4,50 € por día de utilización do servizo de comedor para o persoal docente ou non docente destinado no centro escolar, auxiliares de conversa e alumnos en prácticas de ensinanzas de maxisterio ou grado equivalente, que sen ter responsabilidades na organización dos comedores escolares nin no coidado dos alumnos comensais, faga uso do comedor escolar.

7.2.3. Bonificacións das tarifas

Nos termos previstos no artigo 12 do Decreto 132/2013, co obxecto de facilitar ao alumnado con dereito o acceso a este servizo, a consellería asumirá, total ou parcialmente, o seu custo nos seguintes supostos:

a) Serán beneficiarios de bonificación para comedor, agás na contía de 1 € a aboar por día de servizo, os alumnos cuxa renda familiar neta anual per cápita se atope nas seguintes condicións:

Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €
Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €
Unidades familiares con tres ou máis menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 7.000,01 €

b) Serán beneficiarios da bonificación para comedor, agás na contía de 2,50 € a aboar por día de servizo, os alumnos cuxa renda familiar neta anual per cápita se atope nas seguintes condicións:

Unidades familiares cun único menor que curse ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €
Unidades familiares con dous menores que cursen ensinanza básica obrigatoria e/ou segundo ciclo de educación infantil	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €

7.2.4. Usuarios gratuítos do servizo

Segundo establece o artigo 11 do citado Decreto 132/2013, serán usuarios gratuítos os seguintes:

-Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencentes a unidades familiares que se atopen en situación socioeconómica de exclusión social certificada polos servizos sociais autonómicos ou municipais correspondentes.

-Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil que se atopen en situación de acollemento residencial ou familiar.

-Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil cun grado de discapacidade declarado igual ou superior ao 33%.

-Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencentes a unidades familiares vítimas de terrorismo ou de violencia de xénero acreditada documentalmente.

-Os alumnos que cursen a ensinanza básica e o segundo ciclo de educación infantil pertencentes a unidades familiares cunha renda familiar anual neta per cápita inferior a 7.000 €.

-Os coidadores, educadores e auxiliares de enfermería que, durante o xantar e os períodos de tempo anterior e posterior a este atendan aos alumnos de educación especial, no tempo de desempeño efectivo do seu traballo no comedor escolar.

-O persoal funcionario e laboral da Xunta de Galicia destinado nos centros de ensino con responsabilidades na organización dos comedores escolares ou no coidado dos alumnos comensais, durante os días de asistencia efectiva ao comedor.

Nos casos nos que tal labor se realice de xeito discontinuo e existan prazas vacantes dentro do máximo das autorizadas no comedor, o persoal do centro, estando as necesidades de colaboración cubertas, deberá aboar o prezo do servizo cando non colabore no comedor.

7.2.5 Concepto de unidade familiar e obtención da mesma

En base ao disposto no artigo 16 do Decreto 132/2013, o concepto de unidade familiar é o definido



na normativa do imposto da renda das persoas físicas.

Aos efectos do IRPF, existen dúas modalidades de unidade familiar:

1.- No caso de matrimonio:

A unidade familiar está integrada polos cónxuxes non separados legalmente e, se os houber:

- a) Os fillos menores, con excepción dos que, co consentimento dos pais, vivan independentemente destes.
- b) Os fillos maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.

Hai que ter en conta que a maioría de idade acádase ao cumprir 18 anos.

2.- En ausencia de matrimonio ou nos casos de separación legal:

A unidade familiar está integrada polo pai ou pola nai e a totalidade dos fillos que convivan co pai ou coa nai e reúnan os requisitos da modalidade anterior (os supostos a) ou b) do apartado 1).

Polo tanto:

- Calquera outra agrupación familiar, distinta das anteriores, no constitúe unidade familiar a efectos do IRPF.
- Ninguén pode formar parte de dúas unidades familiares ao mesmo tempo.
- O número de membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente o día 31 de decembro de cada ano. Polo tanto, se un fillo cumprira 18 anos durante o ano, xa non formará parte da unidade familiar nese período impositivo. Tampouco formarán parte da unidade familiar o membro que falecera durante o período impositivo.
- Nas parellas de feito só un dos seus membros (pai ou nai) poden formar unidade familiar cos fillos que reúnan os requisitos anteriormente comentados (os supostos a) ou b) do apartado 1). O mesmo criterio é aplicable nos casos de separación ou divorcio con garda e custodia compartida."

A renda neta per cápita familiar obtérase como resultado de realizar os seguintes cálculos en base á declaración da renda do exercicio 2016:

1. Sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro,
2. Deste resultado restarase a cota líquida resultante da autoliquidación.

Segundo isto, a renda familiar para os efectos da autodeclaración é o resultado da facer as seguintes operacións coa declaración do IRPF:

casíña 392 + casíña 405 – casíña 537



O resultado obtido divídese polo número de membros que forman parte da unidade familiar.

O concepto de unidade familiar será o definido na normativa do IRPF.

Se solicitado o borrador á AEAT esta unicamente comunica os datos fiscais, e polo tanto non o remite, para determinar a renda dos membros computables que obteñan ingresos propios seguirase o procedemento descrito no punto primeiro e do resultado obtido restaranse os gastos deducibles e as retencións ou pagamentos á conta efectuados.

Aclaracións para determinar correctamente a renda anual familiar:

Para determinar a renda anual familiar hai que sumar as rendas obtidas por todas as persoas que integran a unidade familiar. Nesta operación poden presentarse varias situacións:

- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes, ou calquera outro integrante dela, perciben rendas e teñen a obriga de presentar a declaración anual do IRPF. Neste caso, o importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casifas indicadas, que se obterán de cada declaración, se foron presentadas individualmente -que é o habitual- ou ben, da declaración conxunta.

- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes perciben rendas pero só un deles ten a obriga de presentar a declaración. Neste caso, a obtención do importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casifas indicadas, para o membro da unidade que presentase declaración do IRPF máis o importe que resulte, para o outro integrante da unidade familiar, dos datos do borrador do IRPF agás os datos que figuren na casilla 537 correspondente á cuota resultante da autoliquidación, dado que o contribuínte non presentou a Declaración polo IRPF. No caso de que un dos membros en vez de borrador dispoña dun certificado de imputación de rendas, para realizar o cálculo dos seus ingresos deberá sumar os rendementos íntegros e restar os gastos deducibles e as retencións ou pagamentos a conta efectuados.

- Cando ambos cónxuxes perciban rendas pero non teñan obriga de presentar declaración da renda ou ben cando o cónxuxe ou os cónxuxes non perciban renda ningunha suxeita a tributación no IRPF. Neste supostos, os interesados deberán consignar os datos do borrador do IRPF ou no seu caso os datos que figuren no certificado de imputación de rendas do mesmo xeito que no especificado no apartado anterior.



7.2.6 Pagamento das tarifas

A Consellería aboaralle o servizo de comedor á entidade mercantil que o preste, sen prexuízo de que tales aboamentos se vexan completados coas cantidades que deberán aboar en concepto de tarifas os usuarios que non sexan beneficiarios da gratuidade total ou parcial do servizo. O pagamento das tarifas producirase mensualmente.

O importe que os usuarios deberán aboar resultará de multiplicar os prezos correspondentes polo número efectivo de días de uso do comedor cada mes. Os usuarios deberán comunicarlle obrigatoriamente aos centros de ensino os días nos que non vaian facer uso do comedor cunha antelación mínima das 9.45 h de cada día se queren que eses días nos sexan tidos en consideración nos pagamentos.

Neste sentido, mensualmente facturarase o número de menús que realmente se sirvan en cada centro. O reconto conformado destes será rexistrado diariamente no Rexistro de cubertos que, con periodicidade mensual, será asinado pola dirección de cada un dos centros e pola persoa adxudicataria. O total mensual de cubertos que se sirvan será o que se facturará cada mes. Logo de que remate o mes entregarase unha copia da folla do rexistro á persoa adxudicataria e outra arquivarase no centro.

O ingreso mensual dos importes que corresponda pagar a cada usuario poderase efectuar na conta corrente que para o efecto indique a entidade mercantil adxudicataria do contrato de comedor.

Falta de aboamento.

A falta de pagamento do servizo dará lugar á imposibilidade de continuar utilizándoo.

Estes ingresos forman parte para o empresario do prezo do contrato e son irrenunciabes.

Neste sentido, lémbrese que entre as funcións que lle atribúe o artigo 11.2 da Orde de 21 de febreiro de 2007 á persoa que exerce a dirección do centro está a de "verificar o cobramento das cantidades correspondentes do servizo de comedor aos usuarios del". Así mesmo, as Direccións dos centros teñen a obriga, cando saiban que se producirán ausencias dos/as usuarios/as habituais do comedor, de poñelo en coñecemento das empresas adxudicatarias por calquera



medio, que permita acreditarlo, antes das 10.00 h do día no que deba producir os efectos, co obxecto de que as empresas adxudicatarias poidan acomodar o número de menus subministrados ao número de menús reais que se servirán no comedor. A debida dilixencia na comunicación de baixas de comensais permitirá que a facturación resultante responda á realidade do servizo e nin se desperdicie comida nin se produza un prexuízo económico empresarial.

Unha vez elaboradas as listas de comensais admitidos, os centros cargarán, xunto coas características dos usuarios sinaladas nas súas autodeclaracións e na documentación aportada, no seu caso, na aplicación COMEDORES. Durante os meses seguintes, os centros irán confirmando os días de asistencia ao comedor, así como cada cambio ou incidencia (altas ou baixas como usuarios, cambios de centro, enfermidades, etc.) que se produza en relación cos comensais.

Para facilitar o seu labor, os adxudicatarios dos contratos elaborarán, nos 10 primeiros días de cada mes, un listado dos pagamentos efectuados por todos os usuarios, que remitirán aos centros para que estes identifiquen os usuarios que non se atopan ao día nos seus pagamentos e procedan en consecuencia.

As direccións dos centros deberán verificar que os usuarios xustifiquen os pagamentos, toda vez que a falta de aboamento do importe do servizo por parte das persoas usuarias será causa de perda da praza de comedor por acordo do Consello Escolar do centro.

Os incumprimentos no pagamento dos prezos de cada mes impedirán a utilización ao mes seguinte do comedor escolar, mentres non se proceda á oportuna regularización dos pagamentos, para a cal contarase cun prazo máximo de 2 meses.

De conformidade co previsto no artigo 39 da Lei 1/2015, do 1 de abril, de garantía da calidade dos servizos públicos e da boa administración as cantidades debidas en concepto de tarifas, teñen a consideración de créditos de dereito público cuxa recadación en vía executiva corresponde aos órganos competentes da Administración.

As persoas usuarias do comedor que non estean ao corrente das súas obrigas de pagamento do curso pasado, isto é, que teñan pendente de aboamento calquera cantidade por ter utilizado o servizo no centro no que cursaba estudos, non poderán figurar nas listas provisionais de usuarios admitidos ao comedor. Non obstante, e sempre que houbera lugar a iso, poderán adquirir a



condición de usuarios do comedor, cando acrediten, antes da publicación dos listados definitivos de admitidos, o pagamento das cantidades adebedadas.

8. Ampliación de prazas de comedor escolar

Unha vez aprobadas as listas definitivas de comensais, os centros poderán cursar á Secretaría Xeral Técnica da Consellería as solicitudes de ampliación do número máximo de prazas autorizadas ao remate do curso 2016-2017, en función do número de solicitudes provenientes das listas de espera confeccionadas, das escolarizacións tardías e da resolución favorable de recursos de alzada. As solicitudes de ampliación de prazas serán realizadas preferentemente no mes de setembro de 2017.

Sempre que as dispoñibilidades orzamentarias o permitan, a Secretaría Xeral Técnica autorizará as peticións cursadas, co fin de cubrir na medida do posible a demanda insatisfeita existente nos centros.

En todo caso, darase prioridade aos incrementos de prazas derivados sucesivamente das seguintes circunstancias:

- > Da declaración de escolares en situación socioeconómica de exclusión social certificada polos servizos sociais autonómicos ou municipais correspondentes.
- > Da declaración de escolares con discapacidade acreditada igual ou superior ao 33% .
- > Da demanda de alumnado xa escolarizado no centro ou incorporado tardiamente, que, sendo usuario lexítimo e continuado do transporte (domicilio a máis de 2 km do centro escolar e utilización en días fixos das semanas do calendario escolar), careza de transporte ao mediodía.
- > Da escolarización no centro de novo alumnado, como consecuencia do aumento ou introdución de unidades ou grados educativos, da fusión e supresión de centros de ensino, de derivacións das comisións de escolarización relativas a centros saturados.

Os usuarios para os que se solicite a ampliación non poderán incorporarse ao comedor ata que o autorice a Secretaría Xeral Técnica e así lle sexa comunicado á dirección do centro.

9. Uso do comedor escolar por alumnado procedente doutros centros

Esta Secretaría Xeral Técnica, sempre que as condicións dos locais o permitan e non resulte necesario ampliar o persoal de cociña existente, poderá autorizar que alumnos/as dun centro



escolar accedan a un comedor que funcione noutro centro distinto.

A autorización condicionarase a que o centro que non conta con comedor achegue o número de colaboradores que corresponda en función do número de alumnos comensais incorporados ao comedor, de acordo coa ratio establecida no artigo 8.5.f) da Orde de 21 de febreiro de 2007.

Estes colaboradores deberán ter, preferentemente, a condición de persoal do citado centro e, en todo caso, polo menos un deles, que será quen exerza facultades de garda, control e disciplina, deberá ser membro do equipo docente do centro que careza de comedor.

10. Centros con servizo de transporte escolar

A admisión de novo alumnado ao comedor non suporá a modificación automática da súa situación respecto do uso do transporte escolar. Esta só se producirá se concorren os requisitos que establece a súa normativa específica, sinaladamente o Decreto 203/1986, do 12 de xuño (DOG nº 132, do 9 de xullo), interpretados na Instrución 6/2017 da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, sobre a xestión do servizo de transporte escolar no curso escolar 2017-2018.

11. Acceso ao servizo por parte de alumnado escolarizado en centros que non lles corresponden por zona de influencia

O alumnado escolarizado en centro distinto ao que lle corresponda segundo a distribución das áreas de influencia establecidas polos titulares das Xefaturas Territoriais da Consellería, como consecuencia de decisións de índole familiar ou persoal, non terá dereito ao comedor escolar.

Porén, terán dereito ao servizo as irmás e irmáns do alumnado xa escolarizado con carácter forzoso no centro.

Excepcionalmente, sempre que existan no comedor escolar prazas libres dotadas economicamente e as condicións existentes de instalacións, persoal de cociña e colaboradores na atención dos alumnos comensais o permitan, sen requirir o seu aumento, a Secretaría Xeral Técnica da Consellería poderá autorizar para cada curso escolar a incorporación de alumnos escolarizados fóra de área.

As citadas autorizacións concederanse en precario e serán revogables se cambian as



circunstancias que as xustifican ou se é preciso asignar as prazas a outro alumnado cun dereito preferente.

Segundo establece a disposición adicional primeira do Decreto 132/2013, estes autorizados excepcionais, con independencia das súas circunstancias persoais e de renda familiar, terán que aboar, en concepto de prezo público a cantidade de 4,50 € por día de servizo, agás no suposto de tratarse de alumnado pertencente a áreas de influencia sobre as que se estea a tramitar procedementos de zonificación, que, mentres non rematen definitivamente, posibilitarán o pagamento do prezo público polos alumnos escolarizados fóra da súa área de influencia de acordo coas regras xerais establecidas no devandito Decreto.

De conformidade co establecido no artigo 9 da Orde do 12 de marzo de 2013, pola que se desenvolve o procedemento para a admisión do alumnado en centros docentes sustentados con fondos públicos que impartan ensinanzas de 2º ciclo de educación infantil, de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato reguladas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, o alumnado matriculado nun centro público ou privado ten garantida a súa permanencia nel nos termos establecidos no Decreto 254/2012, do 13 de decembro; polo tanto, o cambio de curso, ciclo, nivel ou etapa non requirirá un novo procedemento de admisión, agás que coincida cun cambio de centro. Á vista disto, o alumnado escolarizado no curso anterior fóra de área de influencia, a partir do curso seguinte consolídase nunha situación similar á dos escolarizados con carácter forzoso en centros distintos aos que lles correspondería por área de influencia.

12 Mantemento da aplicación informática COMEDORES. Relación de usuarios do servizo e Certificación mensual de cubertos consumidos.

Mediante o uso da aplicación informática COMEDORES, a dirección de cada centro elaborará a máis tardar o 29/09/2017 a relación nominal do alumnado e os demais usuarios do servizo de comedor, especificando aqueles que sexan gratuítos e pagadores na contía que proceda.

Aos efectos de facilitar o posterior control dos usuarios do comedor escolar resulta necesario verificar na aplicación comedores que os usuarios figuran correctamente catalogados especificando, no caso dos usuarios non pagadores que a súa gratuidade deriva de ter unha renda per cápita hasta 7.000,00 € ou de atoparse nos supostos un, dous, tres, catro, seis, sete, oito e nove previstos para o efecto no artigo 11 do Decreto 132/ 2013, do 1 de agosto.



Os centros deberán actualizar a dita relación cada vez que se produzan cambios no número de usuarios e na condición e características destes, sen prexuízo de que tales modificacións, de ser cuantitativas, precisen a previa autorización da Secretaría Xeral Técnica.

Durante os meses seguintes, as direccións dos centros irán confirmando na aplicación informática COMEDORES os días de asistencia ao comedor. Ao final de cada mes, deberá obterse mediante a citada aplicación informática, a certificación mensual de menús servidos (rexistro de cubertos) e a relación de usuarios do servizo de comedor co fin de remitilos asinados ao seguinte enderezo:

Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria

Secretaría Xeral Técnica

Subdirección Xeral de Xestión Orzamentaria e Recursos Educativos Complementarios

Servizo de Xestión de Comedores Escolares dos Centros Docentes non Universitarios

Edificio Administrativo de San Caetano

15781 – Santiago de Compostela (A Coruña)

Unha axeitada información sobre os comensais reais a través da aplicación COMEDORES require da confirmación do número exacto ao día seguinte ao de desfrute do servizo, ou ben realizar a confirmación a semana vencida.

Santiago de Compostela, 30 de maio de 2017

O secretario xeral técnico



Jesus Olayo Barcala



ANEXO I

PROPOSICIÓN ECONÓMICA

D. /D.^a, con enderezo en, provincia de, co DNI núm., *no seu nome propio ou no da persoa a quen represente*, con NIF, coñezo a contratación para xestionar o servizo **do comedor escolar do CEIP/CPI/IES** do Concello de (provincia) e comprométome a tomar ao meu cargo a execución do contrato, nas seguintes condicións*:

Prezo unitario excluído o IVE:

*** Os importes expresaranse en letra e en número (enteiro máis dous decimais)**

Así mesmo, **comprométome ao cumprimento de todas as disposicións vixentes** en materia:

- Laboral, de Seguridade Social e de seguridade e hixiene no traballo
- Protección de datos de carácter persoal
- Contratación das administracións públicas

..... de

(Sinatura e selo do licitador)





ANEXO II

PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN

Unha vez analizado o expediente relativo á contratación para xestionar o servizo de comedor escolar para o curso 20--/20-- no centro público que se detalla a continuación

e as proposta presentadas polas empresas consultadas, tendo en conta o acordo do Consello Escolar do de de 2017 e o establecido nos artigos 111 e 138 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público,

Proponse:

Adxudicar o contrato para xestionar o servizo de comedor escolar do
 (indicar o nome do CEIP/CPI/IES)

a
 (NIF.....) polo importe unitario de€,
 excluído o IVE , o que supón un montante total de€, excluído o IVE para un número máximo de usuarios e días estimados de prestación efectiva do servizo.

....., de de 201-

O/a director/a do centro,

Visto e prace

O xefe territorial



Nota: o montante total obterase do produto das seguintes variables:

- 1 O importe unitario da oferta económica (IVE excluído)
- 2 O número máximo de prazas autorizadas no Anexo VI
- 3 O número máximo de días de funcionamento do comedor no caso dos IES:
 1. 175 para o funcionamento diario
 2. 35 para o funcionamento dos luns
 3. 35 para o funcionamento dos martes
 4. 34 para o funcionamento dos mércores
 5. 35 para o funcionamento dos xoves
 6. 36 para o funcionamento dos venres

No caso de que a licitación inclúa vixilancia a oferta máxima acadará 5,00 € sen IVE, e aos efectos do IVE aplicable ao servizo:

1. Aplicarase o 10 % na parte relativa aos menús (76% do prezo)
2. Aplicarase o 0 % na parte relativa a vixilancia (24 %)

No caso de que a contratación non inclúa vixilancia a oferta máxima acadará 4,50 € nos comedores con máis de 75 usuarios e de 5,00 € sen IVE nos comedores con menos de 75 usuarios. Aos efectos do IVE aplicable ao servizo aplicarase o 10 % a única parte relativa aos menús.



ANEXO III

DOCUMENTACIÓN EMPRESARIAL PARA CONTRATO MENOR

Os documentos que acrediten a personalidade, que serán os seguintes:

- Os empresarios individuais declararán o DNI ou do documento que, se é o caso, o substitúa regulamentariamente, da persoa titular ou propietaria da empresa.
- As persoas xurídicas españolas presentarán unha copia, auténtica ou compulsada do seu NIF e da escritura ou o documento de constitución, os estatutos ou o acto fundacional, é as súas modificacións, nos que consten as normas polas que se regula a súa actividade, debidamente inscritos, no seu caso, no rexistro público que corresponda, segundo o tipo de personalidade xurídica de que se trate.

Os documentos que acrediten a representación coa que se actúa, que son os seguintes:

- Os que comparezan e asinen a proposición no nome doutro deberán presentar unha declaración do DNI do/s apoderado/s, ou do documento que regulamentariamente o substitúa.
- Se o licitador fose un empresario individual achegará unha copia auténtica ou compulsada da escritura de poder notarial outorgada polo titular ou propietario da empresa.
- Se o licitador fose unha persoa xurídica, achegará unha copia auténtica ou compulsada da escritura de constitución da sociedade e da súa modificación, se é o caso, inscrita no Rexistro Mercantil con aqueles particulares dos estatutos ou dos acordos sociais dos que se deduza a dita representación. Se esta non resultase unicamente deles presentárase, ademais, a escritura de poder notarial para xustificala, inscrita no Rexistro Mercantil, ou no seu caso no rexistro público que corresponda.
- Coa finalidade de xustificar adecuadamente a representación ante o órgano de contratación, achegárase o correspondente documento no que conste que o poder outorgado ao seu favor é declarado bastante por un/ha letrado/a da Asesoría Xurídica da Xunta de Galicia.

A declaración responsable do Anexo IV debidamente cuberta e asinada, subscrita pola persoa que asine a proposición.

No caso de que estiveran incluídos no ámbito de aplicación do artigo 2 do Real decreto 191/2011,



do 18 de febreiro, deberán xuntar a documentación xustificativa da comunicación previa ou inscrición no Rexistro Sanitario de Empresas Alimentarias correspondente.

Así mesmo, as persoas físicas ou xurídicas propostas polos Consellos Escolares achegarán, ou autorizarán ao órgano de contratación para obtela de forma directa (esta autorización so será viable para a documentación dos puntos 2 e 3 seguintes), a seguinte documentación:

- 1.- A certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social que acredite que se atopan ao día no cumprimento das súas obrigas coas Seguridade Social (expedida para os efectos de contratar co sector público).
- 2.- A certificación positiva expedida pola Consellería de Facenda da Xunta de Galicia, de non ter contraída ningunha débeda coa facenda autonómica (expedida para os efectos de contratar co sector público).
- 3.- A certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria que acredite que os licitadores se atopan ao día no cumprimento das súas obrigas tributarias coa facenda estatal (expedida para os efectos de contratar co sector público).
- 4.- Un orixinal ou copia compulsada da alta no IAE no epígrafe correspondente ao obxecto deste contrato e o último recibo completado ou, de ser o caso, unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros (1.000.000 euros) respecto dos suxeitos pasivos enunciados no artigo 82.1 c) do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.
- 5.- Cronograma das actuacións divulgativas teóricas e prácticas sobre nutrición, dietética e habilidades persoais na mesa, adaptadas en temática e duración a cada etapa educativa. Para tal efecto, estas accións divulgativas introducirán contidos orientados á concienciación sobre os beneficios para a saúde dunha nutrición equilibrada e da práctica da actividade física e o deporte.

O material que se precise para a realización das actividades contidas no Programa será subministrado polo contratista.



ANEXO IV - DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dona....., co
 DNI., con domicilio
 en

(No caso de ser persoa xurídica):

En representación da
 entidade
 constituída (referencia á escritura e á inscrición no rexistro
 correspondente), en virtude da representación que me outorga a escritura de apoderamento núm.
, outorgada ante o notario de o día de
 de

DECLARO:

- Que son certos os datos indicados e que *(a entidade á que represento, reúne)* reúno os requisitos de plena capacidade xurídica e de obrar, esixidos no artigo 54 do Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Que *(a entidade á que represento, non incorre)* non incorro nas prohibicións para contratar sinaladas no art. 60 do TRLCSP e que, especialmente, *(se atopa)* me atopo ao día no cumprimento das obrigas tributarias, estatais, autonómicas e locais e de Seguridade Social que impoñen as disposicións vixentes.
- Que coñezo as condicións de execución do contrato da xestión do comedor escolar do durante o curso 2017/2018, e que os acepto incondicionalmente.
- Que coñezo e acepto o contido e alcance do código ético institucional da Xunta de Galicia, de conformidade coa Resolución do 8 de setembro de 2014, conxunta da Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa e da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se da publicidade ao acordo do Consello da Xunta de Galicia do 24 de xullo de 2014 (DOG do 19 de



setembro), polo que se aproba o Código ético institucional da Xunta de Galicia.

- Que acredita que todo o persoal contratado ou, de ser o caso, subcontratado, con contacto habitual con menores, dispón da certificación negativa do Rexistro Central de Delincuentes Sexuais.

Lugar, data, selo e sinatura



ANEXO V

Modelo que se deberá obter mediante a utilización da aplicación informática COMEDORES
RELACIÓN DE USUARIOS DO SERVIZO DE COMEDOR NO MES DE DE 201_
CURSO ESCOLAR 2017/2018

D/Dona, director/a
 do

CERTIFICA

1º. Que o alumnado relacionado a continuación é usuario do servizo de comedor escolar deste centro. A presente certificación realízase para os efectos previstos no Decreto 132/2013, do 1 de agosto e na Orde do 21 de febreiro de 2007, modificada pola Orde de 13 de xuño de 2008.

Nº	APELIDOS E NOME	NIVEL	CENTRO	TIPO DE USUARIO
				Gratuidade total
				Aboamento 1 €
				Aboamento 2,5 €
				Aboamento 4,5 €

2º. Que as seguintes persoas, non pertencentes ao alumnado do centro, son usuarias do servizo de comedor escolar coa condición que se indica:

Nº	APELIDOS E NOME	CONDICIÓN	TIPO DE USUARIO (Indicar Nº días)			
			Gratuidade total	Aboamento 1 €	Aboamento 2,5 €	Aboamento 4,5 €
TOTAIS:						

..... de de 201_

A/o director/a

SELO DO CENTRO



CENTRO EDUCATIVO:

ANEXO VI MODELO DE AUTODECLARACIÓN E ESPECIFICACIÓNS

A) RENDA NETA IRPF 2016:

casíña 392 + casíña 405 – casíña 537 = X

B) MEMBROS DA UNIDADE FAMILIAR INCLUIDO/S O/S ALUMNO/S PARA O/S CAL /ES
SOLICITA COMEDOR: número de membros = Y

PARENTESCO	DNI	APELIDOS	NOME	DATA NACEMENTO
DECLARANTE				
CÓNXUXE				
FILLO/A				
FILLO/A				
FILLO/A				
FILLO/A				
FILLO/A				
FILLO/A				

C) A RENDA NETA PER CÁPITA FAMILIAR = X/Y

D) AUTODECLARACIÓN

Marque a casíña seguinte

Aboamento de 0 € por día de servizo

Se a súa unidade familiar e a renda obtida no apartado C) se atopa nalgún dos supostos previstos a continuación

Unidades familiares cun único menor en idade escolar	Renda anual neta per cápita menor o igual a 7.000,0 €
Unidades familiares con dous menores en idade escolar	Renda anual neta per cápita menor o igual a 7.000,0 €
Unidades familiares con tres ou máis menores en idade escolar	Renda anual neta per cápita menor o igual a 7.000,0 €

Marque a casíña seguinte

Aboamento de 1 € por día de servizo



Se a súa unidade familiar e a renda obtida no apartado C) se atopa nalgún dos supostos previstos a continuación

Unidades familiares cun único menor en idade escolar	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €
Unidades familiares con dous menores en idade escolar	Renda anual neta per cápita de 7.000,01 a 8.000,00 €
Unidades familiares con tres ou máis menores en idade escolar	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 7.000,01 €

Marque a casíña seguinte

Aboamento de 2,50 € por día de servizo	<input type="checkbox"/>
--	--------------------------

Se a súa unidade familiar e a renda obtida no apartado C) se atopa nalgún dos supostos previstos a continuación

Unidades familiares cun único menor en idade escolar	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €
Unidades familiares con dous menores en idade escolar	Renda anual neta per cápita de 8.000,01 a 9.000,00 €

Marque a casíña seguinte

Aboamento de 4,50 € por día de servizo	<input type="checkbox"/>
--	--------------------------

Se a súa unidade familiar e a renda obtida no apartado C) se atopa nalgún dos supostos previstos a continuación

Unidades familiares cun único menor en idade escolar	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €
Unidades familiares con dous menores en idade escolar	Renda anual neta per cápita igual ou superior a 9.000,01 €

Declaramos baixo xuramento ser certos os datos consignados e autorizamos á Consellería a consultar os datos de carácter persoal, de residencia e de renda que se precisen, a través da Plataforma de Intermediación de Datos e da Axencia Estatal de Administración Tributaria da Administración Xeral do Estado.

.....de.....de 2017

Sinatura do Declarante:

Sinatura do Cónxuxe:

Sinatura dos fillos maiores de idade:

A renda neta per cápita familiar obterase como resultado de realizar os seguintes cálculos en base



á declaración da renda do exercicio 2016):

1. Sumarase a base imponible xeral coa base imponible do aforro.
2. Deste resultado restarase a cota líquida resultante da autoliquidación.

Segundo isto, a renda familiar para os efectos da autodeclaración é o resultado da facer as seguintes operacións coa declaración do IRPF:

$\text{casiña 392} + \text{casiña 405} - \text{casiña 537}$

O resultado obtido dividirase polo número de membros que forman parte da unidade familiar.

O concepto de unidade familiar será o definido na normativa do IRPF.

Se solicitado o borrador á AEAT esta unicamente comunica os datos fiscais, e polo tanto non o remite, para determinar a renda dos membros computables que obteñan ingresos propios seguirase o procedemento descrito no punto primeiro e do resultado obtido restarase os gastos deducibles e as retencións ou pagamentos á conta efectuados.

Aclaracións para determinar correctamente a renda anual familiar

Para determinar a renda anual familiar hai que sumar as rendas obtidas por todas as persoas que integran a unidade familiar. Nesta operación poden presentarse varias situacións:

- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes, ou calquera outro integrante dela, perciben rendas e teñen a obriga de presentar a declaración anual do IRPF. Neste caso, o importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, que se obterán de cada declaración, se foron presentadas individualmente -que é o habitual- ou ben, da declaración conxunta.
- Unidades familiares nas que ambos cónxuxes perciben rendas pero só un deles ten a obriga de presentar a declaración. Neste caso, a obtención do importe da renda familiar resultará das sumas e restas das casiñas indicadas, para o membro da unidade que presentase declaración do IRPF máis o importe que resulte, para o outro integrante da unidade familiar, dos datos do borrador do IRPF agás os datos que figuren na casiña 537 correspondente á cota resultante da autoliquidación, dado que o contribuínte non presentou a Declaración polo IRPF. No caso de que un dos membros en vez de borrador dispoña dun certificado de imputación de rendas, para realizar o cálculo dos seus ingresos deberá sumar os rendementos íntegros e restar os gastos deducibles e as retencións ou pagamentos a conta efectuados.
- Cando ambos cónxuxes perciban rendas pero non teñan obriga de presentar declaración ou ben cando o cónxuxe ou os cónxuxes non perciban renda ningunha suxeita a tributación no IRPF. Neste supostos, os interesados deberán consignar os datos do borrador do IRPF ou no seu caso os datos que figuren no certificado de imputación de rendas do mesmo xeito que no especificado no apartado anterior.



ANEXO VII.- RELACIÓN DE MENÚS

MENÚS DE PRIMAVERA-VERÁN

Primeiro prato	Segundo prato	Sobremesa
Ensalada rusa	Pescada ao forno con patacas	Froita enteira
Ensalada de tomate, leituga, cebola, queixo fresco e olivas	Polo ao forno con arroz e verduras	Froita enteira
Salpicón de peixe (salmón, mexillóns, pemento, olivas, aceite e vinagre)	Tortilla de espinacas e champiñóns	Fruta enteira
Salmorejo (tomate, aceite de oliva, pan e xamón)	Ensalada de garavanzos con xoubas e arroz logur natural	
Ensalada de remolacha, millo, cenorias e cebola	Guiso de tenreira con patacas e verduras	Froita enteira
Tostas de tomate, atún e aceite	Bacallau con arroz e verdura	Froita enteira
Ensalada de tomates con mexillóns	Filete de polo á prancha con patacas	logur natural
Ensalada de pasta	Palometa ao forno con verduras	Froita enteira
Ovos recheos de bonito	Ensalada de fabas con verdura	Froita enteira
Empanadillas de pavo	Lentellas con xamón e chourizo	Fresas, kiwi ou laranxa

MENÚS DE OUTONO – INVERNO

Primeiro prato	Segundo prato	Sobremesa
Brécol en allada *	Filete de bonito con arroz	Froita enteira
Verduras con xamón	Estufado de pavo con arroz e verdura	Froita enteira
Croquetas de polo e ensalada de pemento, remolacha e tomate	Lentellas con pataca, xamón e chourizo	Fresas, kiwi ou laranxa
Menestra de verduras	Fideuá de carne de tenreira picada e tomate natural	logur natural
Crema de verduras	Guiso de salmón con arroz e verduras	Froita enteira
Fabas con verdura	Arroz con atún fresco	Froita enteira
Ensalada do tempo de pataca, tomate, cenoria e cebola	Fideuá de polo con verdura	Froita enteira
Crema de verduras	Canelóns de atún con verdura	Froita enteira
Sopa de fideos	Codido galego	logur natural
Coliflor en allada	Guiso de bacallau con arroz	Froita enteira



ANEXO VIII PRAZAS MÁXIMAS AUTORIZADAS

PROVINCIA	CONCELLO	COD CENTRO	CLASE	NOME	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
A Coruña	A Laracha	15027654	IES	IES Agra de Leborís	24				
A Coruña	Betanzos	15001148	IES	IES As Mariñas	0	25	0	20	0
A Coruña	Boiro	15001367	CEIP	CEIP Plurilingüe de Abanqueiro	67	67	67	67	67
A Coruña	Brión	15001744	EEI	EEI dos Ánxeles	35	35	35	35	35
A Coruña	Cambre	15023065	CEIP	CEIP Gonzalo Torrente Ballester	148	148	148	148	148
A Coruña	Cambre	15032426	CEIP	CEIP Plurilingüe Graxal	218	218	218	218	218
A Coruña	Cambre	15023053	CEIP	CEIP Portofaro	218	218	218	218	218
A Coruña	Carballo	15021354	CEIP	CEIP Bergantiños	116	116	116	116	116
A Coruña	Carballo	15023077	CEIP	CEIP de Gándara-Sofán	60	60	60	60	60
A Coruña	Carballo	15002591	IES	IES Monte Neme	35	0	0	0	0
A Coruña	Cerceda	15020970	CEIP	CEIP Celso Emilio Ferreiro	71	71	71	71	71
A Coruña	Corcubión	15003789	CEIP	CEIP Praia de Quenxe	73	73	73	73	73
A Coruña	Culleredo	15027253	CEIP	CEIP Isaac Díaz Pardo	351	351	351	351	351
A Coruña	Culleredo	15027708	CEIP	CEIP Ría do Burgo	384	384	384	384	384
A Coruña	Culleredo	15021809	CEIP	CEIP Sofía Casanova	300	300	300	300	300
A Coruña	Culleredo	15027903	IES	IES Eduardo Blanco Amor	75	0	0	0	0
A Coruña	Fene	15020982	CEIP	CEIP Plurilingüe O Ramo	53	53	53	53	53
A Coruña	Ferrol	15006687	IES	IES de Catabois		34			
A Coruña	Malpica de Bergantiños	15021861	CEIP	CEIP Joaquín Rodríguez Otero	48	48	48	48	48
A Coruña	Malpica de Bergantiños	15026765	CEIP	CEIP Milladoiro	46	46	46	46	46
A Coruña	Muros	15009998	CEIP	CEIP Ramón de Artaza y Malvárez	70	70	70	70	70
A Coruña	Narón	15022310	CEIP	CEIP A Gándara	168	168	168	168	168
A Coruña	Narón	15023740	CEIP	CEIP A Solaina	80	80	80	80	80
A Coruña	Narón	15023508	CEIP	CEIP Plurilingüe Virxe do Mar	62	62	62	62	62
A Coruña	Narón	15010058	CPI	CPI do Feal	123	123	123	123	123
A Coruña	Ortigueira	15020544	IES	IES de Ortigueira	15	0	0	0	0
A Coruña	Ribeira	15021731	CEIP	CEIP Plurilingüe de Frións	45	45	45	45	45
A Coruña	Santa Comba	15026030	IES	IES Terra de Xallas	40	0	0	0	0
A Coruña	Vedra	15018471	CEIP	CEIP Ortigueira	67	67	67	67	67
Lugo	A Pastoriza	27016716	IES	IES Fonmiñá	60	60	60	60	60
Lugo	A Pontenova	27016297	IES	IES Enrique Muruais	67	67	67	67	67
Lugo	Becerreá	27016315	IES	IES de Becerreá	56	56	56	56	56
Lugo	Burela	27015751	CEIP	CEIP Plurilingüe Vista Alegre	103	103	103	103	103
Lugo	Cervo	27020859	CEIP	CEIP de Cervo nº1	55	55	55	55	55
Lugo	Chantada	27003151	IES	IES Lama das Quendas	35				
Lugo	Chantada	27003175	IES	IES Val do Asma	75	50	50	50	50
Lugo	Foz	27004428	CEIP	CEIP de Foz nº 1	79	79	79	79	79
Lugo	Lugo	27006531	IES	IES Lucus Augusti	65	0	0	0	0
Lugo	Lugo	27006541	IES	IES Nosa Sra. dos Ollos Grandes	48	20	20	20	20
Lugo	Monforte de Lemos	27015311	IES	IES A Pinguela	98	98	98	98	98
Lugo	Monforte de Lemos	27007247	IES	IES Francisco Daviña Rey	58	58	58	58	58



PROVINCIA	CONCELLO	COD CENTRO	CLASE	NOME	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
Lugo	Monforte de Lemos	27007259	IES	IES Río Cabe	131	98	98	98	98
Lugo	Muras	27015876	CEIP	CEIP Antía Cal Vázquez	11	11	11	11	11
Lugo	Pedrafita do Cebreiro	27015967	CPI	CPI Uxío Novoneira	36	36	36	36	36
Lugo	Ribadeo	27020902	IES	IES de Ribadeo Dionisio Gamallo	125	125	125	125	125
Lugo	Sarria	27012036	IES	IES Gregorio Fernández	68	68	68	68	68
Lugo	Sarria	27012048	IES	IES Xograr Afonso Gómez de Sarria	56	56	56	56	56
Lugo	Triacastela	27015979	CEIP	CEIP Eduardo Cela Vila	20	20	20	20	20
Lugo	Vilalba	27013314	IES	IES Santiago Basanta Silva	195	47	47	47	47
Lugo	Viveiro	27016674	CEP	CEP Luís Tobío	96	96	96	96	96
Lugo	Viveiro	27014100	EEI	EEI San Roque	52	52	52	52	52
Lugo	Viveiro	27013636	IES	IES María Sarmiento	48	40	40	40	40
Ourense	A Arnoia	32015891	CEIP	CEIP San Salvador	41	41	41	41	41
Ourense	A Peroxa	32010121	CEIP	CEIP Roberto Blanco Torres	20	20	20	20	20
Ourense	A Pobra de Trives	32015876	IES	IES Xermán Ancochea Quevedo	65	0	0	0	0
Ourense	A Rúa	32018637	IES	IES Cosme López Rodríguez	75	0	0	0	0
Ourense	Allariz	32018339	IES	IES de Allariz	84	0	0	0	0
Ourense	Baltar	32018236	CEIP	CEIP de Baltar	18	18	18	18	18
Ourense	Bande	32016340	IES	IES Aquis Querquernis	100	0	0	0	0
Ourense	Barbadás	32020781	CEIP	CEIP Plurilingüe O Ruxidoiro	210	210	210	210	210
Ourense	Celanova	32016625	IES	IES Celanova Celso Emilio Ferreiro	138	0	0	0	0
Ourense	Maceda	32016431	IES	IES San Mamede	82	0	0	0	0
Ourense	Monterrei	32015657	CEIP	CEIP de Medeiros	19	19	19	19	19
Ourense	O Barco de Valdeorras	32001658	CEIP	CEIP Julio Gurriarán Canalejas	115	115	115	115	115
Ourense	O Barco de Valdeorras	32001671	CEIP	CEIP Ramón Otero Pedrayo	82	82	82	82	82
Ourense	O Barco de Valdeorras	32001725	IES	IES Lauro Olmo	56				
Ourense	O Barco de Valdeorras	32001683	IES	IES Martaguisela	83				
Ourense	O Carballiño	32015037	IES	IES Manuel Chamoso Lamas	150	150	150	150	0
Ourense	Oímbra	32008173	CEIP	CEIP de Oímbra	65	65	65	65	65
Ourense	Ourense	32016327	CEIP	CEIP A Ponte	187	187	187	187	187
Ourense	Ourense	32008793	CEIP	CEIP Manuel Luís Acuña	79	79	79	79	79
Ourense	Ourense	32015219	CEIP	CEIP Manuel Sueiro	40	40	40	40	40
Ourense	Ourense	32015669	CEIP	CEIP Mestre Vide	156	156	156	156	156
Ourense	Ourense	32016455	IES	IES Julio Prieto Nespereira	61	0	0	0	0
Ourense	Ourense	32015207	IES	IES O Coufo	30	0	0	0	0
Ourense	Ourense	32009131	IES	IES Universidade Laboral	150	0	0	0	0
Ourense	Ourense	32016273	IES	IES Xesús Ferro Couselo	110	0	0	0	0
Ourense	Ourense	32009116	IES	IES 12 de Outubro	38				
Ourense	Ribadavia	32015475	IES	IES O Ribeiro		98			
Ourense	Xinzo de Limia	32014801	IES	IES Cidade de Antioquía	63				
Ourense	Xinzo de Limia	32015232	IES	IES Lagoa de Antela	132	0	0	0	0
Pontevedra	A Estrada	36014854	CEIP	CEIP Plurilingüe de Oca	41	41	41	41	41
Pontevedra	Arbo	36000031	CEIP	CEIP Antonio Carpintero	110	110	110	110	110
Pontevedra	Bueu	36000326	CEIP	CEIP Montemogos	52	52	52	52	52
Pontevedra	Caldas de Reis	36015861	CEIP	CEIP San Clemente de Cesar	97	97	97	97	97
Pontevedra	Cambados	36000478	CEP	CEP Antonio Magariños Pastoriza	46	46	46	46	46



PROVINCIA	CONCELLO	COD CENTRO	CLASE	NOME	LUNS	MARTES	MERCORES	XOVES	VENRES
Pontevedra	Cuntis	36015111	CPI	CPI Aurelio Marcelino Rey García	72	72	72	72	72
Pontevedra	Gondomar	36020261	IES	IES Plurilingüe Terra de Turonio	32	0	0	0	0
Pontevedra	Lalín	36004095	CEIP	CEIP Manuel Rivero	106	106	106	106	106
Pontevedra	Moaña	36019438	CEIP	CEIP A Guía	60	60	60	60	60
Pontevedra	Moaña	36016590	CEIP	CEIP de Abelendo	44	44	44	44	44
Pontevedra	Moaña	36016607	CEIP	CEIP de Quintela	69	69	69	69	69
Pontevedra	Moaña	36013552	CEIP	CEIP de Seara	105	105	105	105	105
Pontevedra	Moaña	36015378	CEIP	CEIP Plurilingüe de Tirán	75	75	75	75	75
Pontevedra	Moaña	36004711	CEIP	CEIP Plurilingüe Domaio	60	60	60	60	60
Pontevedra	Moaña	36016796	EEI	EEI de Verducedo	31	31	31	31	31
Pontevedra	Moaña	36016814	EEI	EEI do Con	22	22	22	22	22
Pontevedra	Mondariz	36004927	CPI	CPI de Mondariz	277	277	277	277	277
Pontevedra	Nigrán	36005956	CEIP	CEIP Carlos Casares	157	157	157	157	157
Pontevedra	Nigrán	36016620	CEIP	CEIP da Cruz	80	80	80	80	80
Pontevedra	Nigrán	36005774	CEIP	CEIP Humberto Juanes	182	182	182	182	182
Pontevedra	Nigrán	36018434	CEIP	CEIP Mallón	64	64	64	64	64
Pontevedra	O Grove	36014878	CEIP	CEIP de Comneniño	40	40	40	40	40
Pontevedra	O Porriño	36018422	CEIP	CEIP Plurilingüe de Atios	154	154	154	154	154
Pontevedra	Ponte Caldelas	36007591	CEIP	CEIP Manuel Cordo Boullosa	54	54	54	54	54
Pontevedra	Ponte Caldelas	36020313	IES	IES de Ponte Caldelas	96	0	0	0	0
Pontevedra	Ponteareas	36016954	CEIP	CEIP Mestre Ramiro Sabell Mosquera	193	193	193	193	193
Pontevedra	Ponteareas	36024781	IES	IES do Barral	55	0	0	0	0
Pontevedra	Pontevedra	36013761	IES	IES A Xunqueira I	65	0	0	0	0
Pontevedra	Redondela	36015007	CEIP	CEIP de Cedeira	57	57	57	57	57
Pontevedra	Silleda	36020350	IES	IES Plurilingüe Pintor Colmeiro				108	
Pontevedra	Soutomaior	36009172	CPI	CPI Manuel Padín Truteiro	94	94	94	94	94
Pontevedra	Vigo	36016061	CEIP	CEIP A Doblada	139	139	139	139	139
Pontevedra	Vigo	36015834	CEIP	CEIP Altamar	103	103	103	103	103
Pontevedra	Vigo	36010125	CEIP	CEIP de Fonte Escura	60	60	60	60	60
Pontevedra	Vigo	36010708	CEIP	CEIP Emilia Pardo Bazán	230	230	230	230	230
Pontevedra	Vigo	36010101	CEIP	CEIP O Selo	105	105	105	105	105
Pontevedra	Vigo	36010721	CEIP	CEIP Plurilingüe Ramón y Cajal	82	82	82	82	82
Pontevedra	Vigo	36010666	CEIP	CEIP San Salvador	90	90	90	90	90
Pontevedra	Vigo	36010071	CEIP	CEIP Santa Mariña	96	96	96	96	96
Pontevedra	Vigo	36010009	CEIP	CEIP Virxe do Rocío	143	143	143	143	143
Pontevedra	Vigo	36015241	CEP	CEP Celso Emilio Ferreiro	141	141	141	141	141
Pontevedra	Vigo	36010711	CEP	CEP Dr. Fleming	354	354	354	354	354
Pontevedra	Vigo	36010265	EEI	EEI Cristo da Victoria	48	48	48	48	48
Pontevedra	Vigo	36014799	EEI	EEI Vila Laura	139	139	139	139	139
Pontevedra	Vila de Cruces	36020386	IES	IES Marco do Camballón	57	0	62	0	0
Pontevedra	Vilagarcía de Arousa	36015263	CEIP	CEIP de Rubiáns	116	116	116	116	116
Pontevedra	Vilagarcía de Arousa	36012742	CEIP	CEIP de Vilaxoán	181	181	181	181	181
Pontevedra	Vilagarcía de Arousa	36012584	CEIP	CEIP Plurilingüe Rosalía de Castro	203	203	203	203	203